ISSN: 1887-2417
D.L.: C-3317-2006

Cotas Domésticas de Carbono: unha aproximación ao debate sobre estilos de vida baixos en carbono

Carbon domestic bound: an introduction to debate about low carbon life styles.

María Sintes Zamanillo. *Centro Nacional de Educación Ambiental-CENEAM (España)*

Resumo

Dentro do programa do V Seminario sobre Educación, Comunicación e Participación fronte ao Cambio Climático, celebrado no CENEAM en abril de 2009, fixen unha breve presentación denominada «Cotas domésticas de carbono» que, como era de agardar, suscitou un vivo debate. Neste artigo, á parte de esbozar os trazos xerais da idea, trato de contextualizala e achegar algunha reflexión persoal tanto sobre os aspectos que me parecen interesantes como respecto daqueles máis discutibles. Confío en que isto resulte útil para alimentar a discusión e abordar unha valoración máis axustada da iniciativa.

Abstract

On the V Seminar about Education, Communication and Participation against Climate change celebrated at CENEAM in April 2009, there was a brief communication titled "Carbon domestic bound" that, as expected, started an intense debate. This article, apart from addressing the issues, provides personal conclusions about various aspects which were presented.

Palavras chave

Educación ambiental, cambio climático, cotas domésticas de carbono.

Key-words

environmental education, climate change, carbon domestic bound

Un problema de comunicación para o gran reto global

Nos poucos anos de existencia do noso seminario sobre respostas sociais ante o cambio climático, fomos testemuñas do proceso de popularización do termo e de extensión dunha incipiente cultura social – ben é certo que moi básica– acerca do fenómeno e as súas posibles implicacións.

Un indicador deste proceso é a presenza continuada do tema nos medios de comunicación, a superar así os estreitos límites dos círculos científicos e ambientalistas aos cales se circunscribía até hai moi pouco. Esta profusión mediática vén, en xeral, acompañada pola reiteración das principais características do problema, isto é: a súa dimensión global (todo o planeta resulta afectado); a súa gravidade potencial (o fenómeno vai reformular as condicións de vida na Terra) e a súa urxencia (canto máis se dilaten as respostas, máis dramática será a ameaza).

A comunicación pública do cambio climático, xa que logo, debuxa un panorama que, en teoría, debería impulsar unha mobilización inmediata e xeneralizada. Non obstante, non parece ser este o resultado do esforzo de divulgación. Os últimos estudos sociais[1] recollen, efectivamente, o aumento da conciencia social sobre o cambio climático, o seu recoñecemento como problema e mesmo a aceptación da súa causalidade humana, mais no capítulo da predisposición a adoptar novos comportamentos específicos e coherentes coa devandita conciencia, os resultados son aínda moi limitados.

Unha das posibles explicacións a este feito está no contexto socioeconómico-político en que se produce a comunicación do fenómeno e que propicia un deses habituais problemas de contradición entre medio e mensaxe; un conflito que deriva con facilidade no descrédito ou na indiferenza social.

Pensemos un pouco niso. Estamos a crear conciencia pública sobre un asunto que, segundo se proclama é o *maior reto global que enfronta o mundo*, pode provocar danos incalculables sobre as persoas e os hábitats, e require para a súa abordaxe dunha reconsideración drástica da nosa forma de relacionarnos coa enerxía, o que significa un cambio de case todo... E, fronte a este desafío de proporcións e urxencia colosais, o máis habitual é ofrecer, como saída práctica, unhas poucas suxestións de dimensión ridícula con respecto ao for-

1 Meira Cartea, P. A. (2009): *La sociedad ante el cambio climático. Conocimientos, valoraciones y comportamientos en la población española 2009.* Madrid, Fundación MAPFRE [http://www.mapfre.com/fundacion/es/cursos-de-formacion/pmma/cursos/informe-sobre-la-percepcion-del-cambio-climatico-en-la-sociedad-espanyola-detalle.shtml].

mulado e case sempre dirixidas á conciencia e responsabilidade individuais.

Acontece así que xestos como a repartición de lámpadas de baixo consumo a cada fogar, que non pode considerarse máis que unha chamada de atención sobre as posibilidades domésticas de aforro de enerxía, acaba presentándose como unha medida gobernamental para loitar contra o grave e urxente desafío do cambio climático. Tamén que esforzos tan significativos como a exitosa política de incentivos ás enerxías renovables levada a cabo en España[2] queda eclipsada e ignorada por unha maioría fronte aos publicitados –e contraditorios– plans de axuda ás empresas de automóbiles con diñeiro público. Hai que recoñecer que, para o sentido común, a cousa ole a inconsistencia.

A necesidade de buscar solucións á altura

Para que un problema grave se asuma como tal non abonda con facer declaracións ao respecto; a xente debe percibir que se mobilizan respostas congruentes co reto formulado desde os ámbitos social, político e económico.

Nos últimos meses estamos a asistir, por exemplo, a unha impresionante reacción internacional ante a manifestación dunha crise xerada no ámbito financeiro que provocou graves efectos na economía produtiva, especialmente virulentos no caso español. Esta mención ten interese por dúas razóns. Dunha parte, ofrece un bo exemplo de coherencia entre a gravidade declarada dunha situación e as respostas políticas, o cal lle outorga credibilidade pública á alarma; de feito, induciu cambios de comportamento –retracción na compra de vivenda, vacacións máis curtas, diminución do consumo...– mesmo nas persoas que non sufriron as consecuencias directas da crise. Da outra, o caso dános algunhas leccións ilustrativas sobre como se comportan as administracións cando lle conceden importancia real a algo, e como é posible mobilizar recursos inxentes –investimentos de diñeiro público– cara a determinados obxectivos en moi pouco tempo.

Outro exemplo actual pode ser o da gripe A. É interesante analizarmos como e por que un asunto consegue focalizar o interese xeral, constituírse en prioridade informativa e sanitaria durante semanas e inducir decisións e comportamentos moi significativos aínda se os seus efectos reais son, cando menos polo momento,

2 O informe *Tendencias globais de investimentos en enerxía sostible* do Programa das Nacións Unidas para o Medio (UNEP), que analiza a situación do sector mundial no ano 2008, salienta o feito de os investimentos en enerxías renovables estaren sendo sostidos por políticas gobernamentais en España. «*Alemaña e España teñen importantes incubadoras de enerxía limpa, axudadas por políticas de incentivos particularmente boas*», engadiu a UNEP.

moi limitados. O *quid* da cuestión está na intensidade das reaccións de gobernos e institucións internacionais, que xeran credibilidade á marxe de que os feitos parezan ou non xustificala.

Traer a colación estes exemplos, en principio alleos á cuestión que nos ocupa, paréceme pertinente para termos elementos de contraste co tratamento que se lle dá ao problema do cambio climático. Neste caso, a impresión da poboación ben pode ser que, aínda que con efecto se fala moito do tema, a reacción dos responsables políticos no mundo –os que *saben*, os que *controlan*– é incongruente coa presunta gravidade e urxencia deste. Algo renxe na mensaxe e por iso, se non cambian os sinais, é doado que se xeneralice na rúa unha sensación de crecente saturación e impasibilidade.

Non sería xusto, polo demais, dicir que non se fixo nada desde o ámbito político. En realidade vén desenvolvéndose unha inusitada actividade internacional polo que ao cambio climático respecta desde hai máis dunha década: reunións, informes e, en menor medida, acordos como o de Quioto, o que demostra que o tema xa se incorporou ás axendas políticas.

Por outro lado, os países signatarios do Protocolo de Quioto –especialmente os europeos– pularon diferentes medidas co obxectivo de conteren ou reduciren as súas emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI). No caso de España, por exemplo, a actividade normativa relacionada co cumprimento deste protocolo foi intensa: a *Estratexia de aforro e eficiencia enerxética 2004 2012 (E4)* e o seu correspondente *Plan de acción*; o *Código técnico da Edificación;* o *Plano de enerxías renovables para o período 2005-2010 (PER)*; a *Estratexia española de cambio climático e enerxía limpa*. *Horizonte 2007-2012-2020*; dous *Planos nacionais de asignacións (PNA);* a *Revisión 2007-2016* da planificación dos sectores de electricidade e gas ou, ultimamente, a *Estratexia española de mobilidade sustentable*. Estratexias, plans e medidas acompañados, en moitos casos, por significativos investimentos, a «proba do algodón».

Porén, a impresión é de que, malia todo este despregamento contribuír a que o asunto comece a ser considerado no ámbito institucional e empresarial, así como a xerar unha difusa conciencia social, foi insuficiente para comunicar, de forma crible, a idea de que é necesario un cambio radical da nosa forma de vivir para adaptarnos a un mundo que xa iniciou unha transformación de consecuencias globais. E ese é precisamente o punto en que nos atopamos ante un desafío como o cambio climático: na necesidade urxente de trasladarlle á poboación un diagnóstico en profundidade sobre causas, consecuencias e, sobre todo, respostas pertinentes á altura dos retos.

Cotas domésticas de carbono: unha proposta a exame

Neste contexto quero enmarcar a presentación desta proposta, que me parece interesante debater como exemplo do tipo de ideas que deberían estar bulindo no ámbito político, o dos líderes gobernamentais, con responsabilidade e capacidade para impulsar cambios na dirección axeitada. A proposta recibe varias denominacións, mais imos empregar aquí o nome de *cotas domésticas de carbono*.

Foi David Fleming, en 1996, o primeiro en formular no Reino Unido a idea das cotas de carbono, ás cales denominou en principio «Domestic Tradable Quotas» (DTQ, cotas domésticas comercializables) e posteriormente «Tradable Energy Quotas» (TEQs, cotas de enerxía comercializables). A súa proposta foi analizada e perfilada posteriormente (2005) polo Tyndall Centre for Climate Change Research.

O máis interesante do caso é que a Comisión de Medio do Parlamento británico tomou en serio a idea e estivo a estudala en profundidade (2005-2008) co fin de tratar a viabilidade da súa implantación no Reino Unido. O anterior ministro de Medio, Elliot Morley, declarou en 2005: «*Deberiamos ter unha mente aberta e non ter medo a pensar no impensable. É xusto dicir que para moita xente as asignacións persoais de carbono caen na categoría do impensable. Podería necesitarse unha década de debate até chegar a algún lado, mais o meu traballo é considerar enfoques novos bastante radicais».* E o secretario de Estado para o Medio, a Alimentación e os Asuntos Rurais, David Milliband, promoveu e debateu publicamente o tema. É dicir, neste país a discusión sobre este asunto impensable vénse mantendo nos últimos anos ao máis alto nivel académico e político.

Ora ben, en que consisten as cotas de carbono? O sistema de asignación aos cidadáns de cotas de carbono comercializables é unha «*proposta política recente orientada á redución de emisións individuais co obxectivo de mitigar o cambio climático por medio da redución, ano a ano, do orzamento nacional de carbono*»[3]. En poucas palabras, pódese dicir que formulan o ***control da demanda global*** de combustibles fósiles mediante un ***sistema de racionamento*** enerxético que lles permita ás nacións desenvolvidas reduciren emisións de GEI procedentes do uso de gasolinas, gas, carbón e electricidade, e asegurarlle asemade a todos o acceso á enerxía.

3 Seyfang G., Lorenzoni I. e Nye M. (2007): *Personal Carbon Trading: Notional Concept or Workable Proposition? Exploring Theoretical, Ideological and Practical Underpinnings.* Centre for Social and Economic Research on the Global Environment (CSERGE) [http://www.uea.ac.uk/env/cserge/pub/wp/edm/edm_2007_03.htm].

Os seus defensores formulan dous argumentos sólidos a prol do sistema: a urxencia de ***facerlle fronte ao cambio climático*** a conseguirmos reducir as emisións de GEI por parte das sociedades desenvolvidas, e a necesidade de ***asegurar unha distribución equitativa da enerxía*** nun futuro próximo en que a subministración enerxética ha enfrontar problemas de escaseza.

Para coñecer con máis detalle a idea, o máis conveniente é acudirmos aos traballos desenvolvidos polos seus promotores, que están dispoñibles na internet[4], mais neste artigo farei unha presentación resumida das ***características básicas*** do sistema para os efectos de poder debater minimamente a proposta:

- Está deseñado para *países desenvolvidos* e *economías de escala nacional,* dentro dun esquema internacional de redución de emisións, como o de *contracción e converxencia*[5].
- Un comité de *política enerxética,* independente do goberno, sería o responsable de establecer o *orzamento de carbono* nacional, que fixaría o volume anual de emisións de CO_2 permitidas para un período de 20 anos. O devandito orzamento deseñaríase para ir decrecendo ano tras ano até alcanzar o obxectivo de emisións máximas establecido para o estado.
- O orzamento de carbono determina, xa que logo, a cantidade dispoñible de *unidades de carbono* para repartir.
- Parte desta emisión de *unidades de carbono* dedicaríase a satisfacer a *asignación persoal* que recibirían todas as persoas adultas do país; o resto sairía á venda en poxa a empresas, organizacións e o propio goberno.
- O sistema de asignación e de poxa está organizado nun esquema de mercado (Gráfico 1).

Vexamos agora como funcionaría o mecanismo no ***ámbito individual*** ou doméstico:

4 FLEMING, David (2005, 2007) *Energy and the Common Purpose. Descending the Energy Staircase with Tradable Energy Quotas (TEQs).* The Lean Economy Connection [http://www.theleaneconomyconnection.net/downloads.html#TEQs]. STARKEY, Richard e ANDERSON, Kevin (2005) *Domestic Tradable Quotas: A Policy Instrument for Reducing Greenhouse Gas Emissions from Energy Use.* Technical Report 39. Tyndall Centre for Climate Change Research [http://www.tyndall.ac.uk/research/theme2/final_reports/t3_22.pdf].

5 O mecanismo global coñecido polo nome de «contracción e converxencia» foi proposto a principios da década dos noventa polo Global Commons Institute. A proposta consiste en poñerlles un límite ás emisións globais para estabilizar as concentracións atmosféricas de GEI a un nivel que preveña dunha «interferencia antropoxénica perigosa co sistema climático». O devandito límite alcanzaríase mediante unha redución global de emisións (contracción), mais a partir dunha distinta asignación de dereitos de emisión aos diferentes países segundo a súa poboación, de modo que algúns deberían reducir fortemente as súas emisións, mentres que outros poderían aumentalas. Isto aseguraría de maneira eventual unha repartición equitativa dos dereitos de emisión per cápita para todos os seres humanos (converxencia).



Gráfico 1: A cada tipo de combustible e electricidade corresponderíalle un índice de carbono (segundo a cantidade de GEI emitida por unidade de combustible ou de electricidade producida e consumida). Fonte: David Fleming (2005, 2007)

- Cada persoa adulta recibiría unha asignación igual e gratuíta de unidades de carbono.
- Ao principio asignaríase a cota dun ano á conta persoal; logo asignaríase unha cota semanal.
- Ao mercar enerxía –combustible, gas, carbón ou electricidade– as correspondentes unidades de carbono deduciríanse da conta persoal de forma automática, por medio dunha tarxeta específica (como as de crédito).
- De se usaren menos unidades das asignadas, podería venderse o sobrante. De se superar a asignación, poderían mercarse novas unidades sempre que houbese dispoñibilidade no mercado.
- Os menores de idade non recibirían asignacións persoais, mais son incorporados ao sistema mercé a un complemento que recibiría a familia.

No caso das ***institucións e empresas***:

- As empresas e organizacións mercarían todas as súas unidades de carbono no mercado nacional de carbono ou por medio dos bancos que as adquirisen na poxa pública semanal. Non recibirían, por tanto, unha asignación gratuíta, como acontece coas persoas.

E respecto ao ***goberno***:

- Tamén está atado ao sistema, tería que render contas das súas unidades de carbono cada vez que mercase enerxía.
- Iría á poxa semanal de unidades de carbono xunto con bancos e compañías.

As principais ***claves do sistema***, segundo os seus creadores, son as seguintes:

- O racionamento como resposta a dúas crises: o sistema permite afrontar o duplo problema do cambio climático (repartición de dereitos de emisión) e da escaseza de combustible (repartición de reservas limitadas).
- Asume os tres E:
  - *Equidade*: a asignación igual de unidades de carbono per cápita favorece a aceptabilidade social do sistema.
  - *Efectividade:* é realista, tecnicamente posible e sinxelo de usar.
  - *Eficiencia:* ten boa relación custo-resultados canto á redución de emisións.
- Formula un sistema accesible: non require tempo nin esforzos extra; baséase en tecnoloxías existentes e familiares para a maioría.
- Ofrece un obxectivo e garantías: o orzamento de carbono establece obxectivos claros a longo prazo e a asignación de cotas garante a súa consecución desde xa. «Os presupostos de carbono a longo prazo permítenlles aos individuos e ás empresas planificarse para futuras restricións das asignacións de carbono, ao crear un sistema de incentivos que promove a adaptación cara a unha economía de baixo carbono»[6].
- Establece un propósito común, un estímulo compartido para a redución da dependencia dos combustibles fósiles (o *consumo dos demais aféctame*), tanto no nivel individual como no da capacitación colectiva.
- Implica a adopción dunha nova estratexia enerxética: ofrece un marco para afrontar a necesaria redución do consumo enerxético grazas ao aforro, aos cambios estruturais e ás enerxías renovables.

Unha reflexión persoal sobre unha idea polémica

Vou permitirme ofrecer a seguir algunhas opinións persoais acerca do tema, co fin de seguir incorporando elementos nun debate que se iniciou durante o noso encontro anual do Seminario sobre Educación, Comunicación e Participación fronte ao Cambio Climático. A pesar dos seus aspectos discutibles e as moitas dúbidas que poida suscitar, a proposta paréceme potencialmente interesante por varias razóns:

6 Op. cit. Seyfang G., Lorenzoni I., Nye M. (2007)

1. Desde o punto de vista da ***comunicación social*** do problema:

a) Pode xerar credibilidade: unha medida atrevida e de calado político como esta, que lle afecta a toda a cidadanía, ás institucións, ás empresas e á propia administración, mandaría unha mensaxe inequívoca de que o problema existe e a súa dimensión é tal que require cambios profundos na xestión da enerxía ao máis alto nivel.

b) Traduce o cambio climático a unha linguaxe máis familiar: establece unha relación directa entre un problema complexo, abstracto e afastado co acto comprensible, tanxible e cotián de consumir enerxía.
c) Dinamizaría o debate social sobre o cambio climático a centralo na cuestión do consumo de enerxía e os estilos de vida.

2. Desde o punto de vista ***educativo***:

a) Pode axudar a estender unha cultura da medida no consumo enerxético: o feito de facer explícito e visible un límite ás nosas posibilidades de consumo contribuiría a que a xente tomase en consideración aspectos que, hoxe, non entran a formar parte da valoración ou contabilidade doméstica. Un exemplo moi claro é o das viaxes de ocio ou vacacións, en que o custo económico adoita ser a clave da escolla, xa que temos moi presente a existencia de límites no orzamento dispoñible, mentres que o custo ambiental é un factor inexistente para a maioría, mesmo para a minoría ben informada.
b) Pode contribuír a promover unha cultura da moderación, ao poñer en evidencia as prácticas desbaldidoras e promover novos modelos de consumo.

3. Desde o punto de vista da ***incidencia real***:

a) Evitaría a sensación de ineficiencia: unha das barreiras máis coñecidas ao comportamento proambiental está nese sentido da inutilidade das «boas accións ambientais» ao percibir que se perden no océano de prácticas irresponsables. A existencia de regras de xogo distintas e asemade similares para todos estimularía moitas persoas concienciadas, motivadas ou simpatizantes a adoptaren cambios e reforzaría aquelas que xa veñen desenvolvendo pautas axeitadas.
b) Obrigaría as administracións de todos os ámbitos –desde o estatal ao local– a asumiren o seu liderado e as súas responsabilidades e a promoveren alternativas facilitadoras de formas de vida baixas en carbono. O exemplo da xestión da mobilidade nas cidades é moi claro, porque un dos aspectos do consumo enerxético global que podería experimentar máis cambios é o debido aos desprazamentos cotiáns.
c) Por outro lado, desde o punto de vista da eficiencia ambiental, o único sistema

razoable para evitar o chamado «efecto rebote»[7] é o establecemento dun límite para o consumo global, de forma que os aforros obtidos polos ben intencionados programas de eficiencia enerxética e de sensibilización non se vexan devorados por novos aumentos de consumo.

Como dixen antes, a proposta ten tamén numerosos aspectos discutibles, dificultades prácticas e potenciais riscos. Non son capaz de abordar todos eles, malia que si me gustaría facer unha incursión neste terreo, sobre todo ao fío dalgunhas das obxeccións que saíron no breve debate xurdido durante o Seminario de Valsaín.

Entre as persoas que compoñían o devandito foro (un foro de persoas expertas na comunicación social do cambio climático), un grupo significativo manifestou un rexeitamento bastante frontal e presentou unha especie de emenda á totalidade da iniciativa. O feito de que a proposta concreta que está a ser estudada no Reino Unido se enmarque nun sistema de mercado, de que permita a compra e venda de unidades de carbono (dereitos de emisión), é o aspecto que suscitou maiores receos, ao se considerar imposible que unha medida que xorde do propio «sistema» achegue elementos con capacidade de transformalo. Esta posición, moi respectable e que en ocasións tamén comparto, fainos, con todo, virtualmente incapaces de pensarmos ou xerarmos vías de saída do conflito, dado que, na miña opinión, somos parte integrante do sistema e a transición ao «outro modelo» haberá de iniciarse desde este.
Outra postura que me pareceu adiviñar tras algunhas das opinións máis críticas é esa que, moi a miúdo, nos leva a rexeitar ideas que obviamente só poden ser –no mellor dos casos– parte da solución polo motivo de que non son a solución. Ningunha medida, por brillante, audaz e fabulosa que sexa, será capaz de abordar o cambio climático, a inxustiza no mundo, a miseria dos pobos, a falta de virtude da humanidade. Posto que non me parece realista ter tales expectativas a respecto de nada, creo aínda interesante dedicarmos algún esforzo a disecar a proposta que estamos a examinar, para apuntarmos tanto as súas potencialidades como as súas debilidades. A estas dedícolles os parágrafos seguintes.

Sobre a aceptabilidade social

O sistema de cotas non deixa de ser un mecanismo de limitación e racionamento dun recurso limitado, os dereitos de emi-

7 En poucas palabras, coñécese como «efecto rebote» o pernicioso efecto de «compensación» que adoita contrarrestar o aforro no consumo de recursos –conseguido xa por avances tecnolóxicos, xa por decisións e comportamentos individuais– e que vén a traducirse nun consumo final equivalente ou mesmo maior. Para unha comprensión máis detallada deste mecanismo, véxase Heras, F (2009): «Os efectos rebote e outros efectos secundarios dos programas para mitigar o cambio climático: unha mirada desde a educación e a comunicación», en Ambientalmente Sustentable nº 7, pp.101-114.

sión de GEI, dunha banda, e os combustibles fósiles, da outra. E o racionamento é un concepto incómodo dadas as súas connotacións negativas, asociadas á escaseza dos tempos de guerra, aos recortes da liberdade persoal e ao control gobernamental. Podemos aventurar que a aceptación social dunha iniciativa así sería complexa, aínda que tamén sabemos por experiencias previas que pode ser colectivamente asumida en determinadas condicións: «a aceptación social do racionamento durante a segunda guerra mundial no Reino Unido estaba baseada na confianza na administración, por parte do Goberno, dun sistema xusto, axeitado á situación e no cal a fraude era rapidamente castigada»[8].

Un sistema de cotas de carbono que garantise a enerxía para os usos indispensables (relacionados co confort doméstico razoable) de toda a cidadanía, aínda que implicase recortes ou renuncias a outro tipo de servizos (previsiblemente viaxes de ocio en avión e en automóbil privado), podería ser asumido sempre que se cumprisen determinadas condicións de comprensión da súa necesidade, transparencia no seu funcionamento e aplicación xeneralizada (as limitacións provocan menos rexeitamento cando afectan a toda a colectividade e non xeran agravios comparativos).

8 Adaptado de: op. cit. Seyfang G., Lorenzoni I. e Nye M. (2007).

Sobre as diferenzas de contexto

Unha dificultade importante á hora de valorar se o sistema resulta factible é a variabilidade de condicións de partida para reducir as emisións a que se enfrontarán os diferentes individuos. As opcións de redución están, de feito, fortemente condicionadas polas infraestruturas e os servizos do contorno. As persoas poden optar só cando existen alternativas, por exemplo en termos de sistemas de transporte ou de recursos enerxéticos. Se non fose así, os habitantes de determinados lugares ou ambientes enfrontaríanse a un limitado e pouco atractivo abano de opcións para reduciren as emisións baseado apenas na restrición (Seyfang e outros, 2007).

Esta evidencia volve poñer sobre a mesa a necesidade de liderado político e dunha decidida xestión pública. Só así pode estenderse un modelo de servizos e infraestruturas colectivos que lle permitan á cidadanía facer a transición cara a formas de vida de baixa emisión.

Sobre as diferenzas sociais e de ingresos

A aparente equidade na repartición das asignacións persoais debe ser reconsiderada, dadas as notables diferenzas existentes entre as posibilidades duns e outros grupos sociais para se axustaren por medio de modificacións do comportamento, de investimentos na mellora da eficiencia

enerxética dos fogares, de cambios nas formas de mobilidade etc.– a un novo contexto en que o acceso á enerxía se limita. Aínda que é certo que os sectores con menores ingresos tenden a emitir menos, esta xeneralización pode ocultar a existencia dunha ampla variedade de situacións, nalgunhas das cales un sistema de racionamento podería implicar se endureceren as condicións de vida, de por si duras, de determinados grupos. No Reino Unido algúns estudos sobre o sistema de cotas valoran xa esta circunstancia e propoñen mecanismos de intervención gobernamental para axudar os máis desfavorecidos a conseguir niveis razoables de eficiencia enerxética (Starkey e Anderson 2005).

Por outro lado, a asignación per cápita dunha cota igual para calquera individuo adulto pode ser un elemento de moi difícil dixestión para os sectores socialmente favorecidos e altos emisores. «Parece razoable concluír que aqueles cun interese histórico en emitir máis (de forma predominante "os ricos"' e coincidentemente aqueles con mellor acceso ás estruturas de decisión e redes políticas) loitarán por reter os seus intrínsecos "dereitos" de emisión e buscarán unha proporción maior de asignacións sobre a base de factores como a súa produción económica relativa»[9].

9 Op. cit.

Sobre a necesidade de cambios culturais e nova capacitación

Aínda que os seus promotores tenden a minimizar as dificultades potenciais relacionadas co uso do sistema por parte da cidadanía, o mecanismo só funcionaría –no sentido de alcanzar os seus propósitos– no caso de que a sociedade aprenda e interiorice como facer un uso sustentable da enerxía. Isto convértese nun obxectivo de especial dificultade nun contexto, como o actual, en que se xeneralizou unha ética do consumo –fronte a unha ética da frugalidade– e en que o aforro e a autolimitación non gozan precisamente de boa imaxe social.

Dunha parte, atopámonos cunha estendida perda do saber facer colectivo no que ten a ver con pautas de vida aforradoras, unha especie de inhabilitación para satisfacer as necesidades e expectativas persoais cun gasto mínimo –ou sen gasto– de enerxía. Da outra, os valores sociais predominantes, transmitidos explícita ou implicitamente por todos os medios de comunicación e demais sistemas de conformación da mentalidade colectiva, promoven de xeito activo o consumismo, o individualismo, a transgresión dos límites, o vivir ao día...

O problema ten así unha dimensión máis ben técnica, relacionada coa capacitación, e de igual maneira unha dimensión cultural, relativa ás percepcións, actitudes e

valores colectivos. Así, por exemplo, a minoría social sensibilizada e comprometida con esa outra ética da responsabilidade ambiental enfróntase á dupla dificultade que supón ir contracorrente –con decisións que, en xeral, resultan extravagantes para a súa familia, veciñanza, contexto social– e, á vez, tratar de discernir, entre a amálgama de accións, produtos e opcións presuntamente «verdes», «ecos» ou «sustentables» aqueles que en realidade marcan unha diferenza.

A capacitación en sustentabilidade enerxética (unha tradución moi persoal do que algúns documentos anglosaxóns denominan carbon capability) podería ser definida máis ou menos como «*a habilidade para facer xuízos informados e adoptar decisións efectivas de comportamento tales que consigan reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro, por medio de cambios no comportamento individual, así como da acción colectiva*»[10]. Esta complexa capacitación supón desenvolver novos coñecementos e habilidades, entre os cales se conta unha comprensión axeitada das causas e consecuencias das emisións de GEI, da contribución persoal na súa produción, das opcións de adaptación e redución na vida persoal e na organización social, de como xestionar un orzamento de carbono, de onde conseguir asesoramento e apoio etc.[11]

10 Op.cit.

11 Op.cit.

Ora ben, xunto a este traballo formativo, non pode esquecerse a necesidade de reorientar a mentalidade da cidadanía cara a opcións e comportamentos *«de baixas emisións de CO_2»,* un reto que vai implicar un esforzo ímprobo de educación e cambio social. Unha medida como a que estamos a analizar aquí non pode entenderse fóra dun proceso de transformación social moito máis ambicioso; sería, en todo caso, un paso imperfecto e limitado que, xunto con outros, poida ir provocando un cambio de rumbo.

A xeito de punto e aparte

Buscar –como formulamos ao principio do artigo– respostas pertinentes, á altura do reto, require facer un diagnóstico axeitado do problema, o que, neste caso, supón sinalar a relación entre a situación de desequilibrio ambiental e social do mundo actual e as formas de vida da xente, concretamente do sector privilexiado da poboación.

Esta complexización do diagnóstico non fai máis que redundar no feito de que saír do labirinto implica apuntar ao centro dun sistema en que estamos instalados, e algúns de nós bastante confortablemente. Por seguro velaí está, por certo, unha das claves para entendermos esa inconsistencia de fondo dos nosos discursos sobre o cambio climático e como afrontalo. E é

que, aínda que se parta da existencia real do problema, non se remata de asumir –nin, xa que logo de comunicar– que a «solución» deste pase por emprender un cambio de modelo que, obviamente, afectará aos nosos modos de producir, consumir, viaxar, relacionarnos... Vivir, en suma.

O debate sobre o cambio climático que obvia o ocaso do petróleo, a fin da enerxía barata, a desigualdade estrutural do sistema, a imposibilidade do crecemento continuo, a necesidade de abordar un desmantelamento o máis ordenado posible do noso cambaleante castelo... é unha mensaxe con fisuras que non chega a facerse crible. Por iso, cómpre buscarmos onde e quen está a xerar análise e visións con máis calado e perspectiva para tratarmos de enriquecer o noso discurso, darmos solidez aos nosos argumentos e facermos máis eficaz a nosa tarefa como comunicadores ambientais.

Ora que tamén é necesario valorarmos aquelas propostas prácticas e medidas de xestión que, con alcance e ambición máis limitados, supoñen, con todo, intentos atrevidos de sacudir as estruturas do sistema e as mentalidades da súa cidadanía. Quizais a idea que examinamos poida achegar algo neste sentido.

Referencias bibliográficas

MEIRA, P. A. (2009): *La sociedad ante el cambio climático. Conocimientos, valoraciones y comportamientos en la población española 2009.* Madrid, Fundación MAPFRE [http://www.mapfre.com/fundacion/es/cursos-de-formacion/pmma/cursos/informe-sobre-la-percepcion-del-cambio-climatico-en-la-sociedad-espanyola-detalle.shtml]

FLEMING, David (2005, 2007): *Energy and the common purpose. Descending the Energy Staircase with Tradable Energy Quotas (TEQs).* The Lean Economy Connection [http://www.theleaneconomyconnection.net/downloads.html#TEQs]

HOWELL, R. (2009): *The Experience of Carbon Rationing Action Groups: Implications for a Personal Carbon Allowances Policy.* Final Report. UK Energy Research Centre (University of Oxford) [http://www.eci.ox.ac.uk/publications/downloads/howell09crags.pdf]

SEYFANG, G., LORENZONI, I. e NYE, M. (2007): *Personal Carbon Trading: notional concept or workable proposition? Exploring Theoretical, Ideological and Practical Underpinnings.* Centre for Social and Economic Research on the Global Environment (CSERGE) [http://www.uea.ac.uk/env/cserge/pub/wp/edm/edm_2007_03.htm]

STARKEY, R. e ANDERSON, K. (2005) *Domestic Tradable Quotas: A Policy Instrument for Reducing Greenhouse Gas Emissions from Energy Use.* Technical Report 39. Tyndall Centre for Climate Change Research [http://www.tyndall.ac.uk/research/theme2/final_reports/t3_22.pdf]